



Cabeceira da marcha que percorreu os dous quilómetros que separan a Ferrería de Seoane da casa natal do poeta, en Parada do Courel

TAMARA DELA FUENTE

UNHAS DUASCENTAS PERSOAS PARTICIPAN NUNHA MARCHA A PÉ POLO COUREL EN HOMENAXE AO PROTAGONISTA DO DÍA DAS LETRAS

De volta na casa común de Novoneyra

Sen presenza institucional, foi unha iniciativa dos creadores do portal dedicado ao escritor

IAGO MARTÍNEZ

GALICIA

iago.martinez@xornaldegalicia.com

Alí onde sempre foi bosque, como dición do Courel o propio Uxío Novoneyra, onte había máis lectores ca veciños: unhas duascenas persoas, todas do común ou case, sen máis autoridades (políticas) que a alcaldesa de Folgoso do Courel. Todos a pé dende a Ferrería de Seoane até a casa grande de Fonte de Parada, onde naceu Novoneyra en xaneiro de 1930, e todos ao compás goberneiro de Xosé Lois García, amigo e esexeta do poeta courelaño. Algo máis de dous quilómetros, a metade de lama arriba, nun andar de homenaxe con poucas e brevísimas escalas para dicir algun verso, tamén breve, de Novoneyra.

A chuvia retirouse a tempo. Xa mollara as corredoiras cando o grupo empezou a camiñar pasadas as

once da mañá, primeiro polo asfalto da pista e logo sobre a terra mol dos caminos. Na cabeza, gaita, tambor e Uxío Novoneyra fillo, e contra o final, onde os castiñeiros levan gravado o ene vermello da marca familiar, tamén a súa nai, Elba Rey.

Diante da casa, coa xente arrodando o que na familia chaman aínda o banco do pai, onde sentaba adoitado o poeta, agardaban dúas cativas para dicir uns poemas que aínda non entenden e entregarlle dous ramos de flores á viúva. Disimulado entre a xente, o grupo de teatro Achádego de Lugo sorprendeu a parroquia con algúns versos de Novoneyra botados a xeito de reguella.

A estación debía rematar co himno galego e Uxío Novoneyra cantou emocionado coa man no peito, pero ao final ninguén pudo poñerlle couto á curiosidade. Os camiñantes ocuparon a casa co permiso da familia e pasearon de boa fe entre as cousas do protagonista do Día das Letras este ano. Os libros, os retratos, mesmo os recordos dos amigos cos que compartiu teito no Courel, Jose Rafael Alberti ou Jose aquél Carlos Oroza que escribía politicamente nos seus anos da montaña.



Os participantes cantan o himno galego a carón da casa familiar T. DELA FUENTE

Todo tivo un aquel amador, tan infrecuente. Tanto a marcha como o acto final, no patio do colexio, con megafonía de fin de curso e o retrato que Laxeiro lle pintou a Novoneyra nos setenta presidindo todo dende un banco, outro banco, sustentado con catro pedras. Unhas vinte persoas, todas civís, puxeron o que tiñan. Coma nas excursións.

Os músicos César Morán e Xosé Taboada tocaron e cantaron *Muller praloux*. Ramón Caride Ogando e

Vázquez Pintor deitaron a súa palabra. Isidro Novo levou até Courel o saúdo da Asociación de Escritores en Lingua Galega e deulle as grazas ao amigo ausente "por ser tan humanamente poeta". Orlando Álvarez, da asociación SOS Courel, recordou aquela serra sen piñeiros de hai setenta anos, cando había máis de cinco mil veciños e o gando pacía a pracer, e anunciou, invocando a Novoneyra, que "estas terras han ser definitivamente liberadas".

Lingua e Courel foron, xaora, constantes. Lingua porque é "responsabilidade de todos coidar do ben máis prezado da nación", dixo Xosé Lois García, "ante o espectáculo manipulador da Xunta, que quere esmagar a nosa identidade". E Courel, engadiu o autor de *Uxío Novoneyra revisitado* (Xerais), porque a serra está atravesada de "cicatrices: as das canteras e as das outras especulaciones que a Administración consente".

A homenaxe era "do pobo, non dos poderes", dixo o fillo do poeta contra o remate. Unha iniciativa do portal www.uxionovoneyra.com e dos seus promotores, Xosé Lois García e o profesor gaditano Fernando García Ortiz. Deles partirá tamén en outubro de 2007 a recollida de sinaturas — máis de mil — que avalaron a candidatura de Novoneyra para o Día das Letras. A Real Academia Galega acabou dándolles razón. O vindeiro 17 de maio será do autor de *Vietnam canto*. ■

WWW.XORNAL.COM

Opina sobre a obra de Uxío Novoneyra na sección de Cultura da nosa web